




A obra do pintor holandés Vincent Van Gogh (1853-1890) é das máis coñecidas e reproducidas en todo o mundo. Polos seus cadros páganse na actualidade auténticas fortunas pero, como lles pasa a moitos artistas, a súa pintura non foi moi recoñecida nin tivo tanto éxito en vida do pintor. O texto móstranos a ilusión coa que instalou a súa humilde casa-estudio en Arlés.

Imos ver un exemplo de descrición de espazos: A casa amarela

A casa amarela

Tras a súa chegada a Arlés, Van Gogh instalouse no número 30 da Rue Cavalerie, nun suburbio de mala reputación. A maior parte da asignación mensual que o seu irmán lle enviaba puntualmente á Provenza gastábaa en comida e no cuarto do hotel. Finalmente, o 1 de maio de 1888 alugou por 15 francos ao mes unha das moitas casas que quedaran baleiras en Arlés a causa da crise económica que padecía a rexión. A casa, situada no número 2 da Place Lamartine, no sector norte da cidade, lindaba cunha tenda e estaba enfronte dun parque público que utilizaba como modelo. A casa, que en realidade era unha das ás dunha vivenda dobre pintada de amarelo coas portas e contras verdes, as paredes interiores brancas e o chan de ladrillo encarnado, tiña catro cuartos.

Ese mesmo día escribiulle ao seu irmán Theo e faloulle da súa casa amarela, «moi solleira», na que pensaba montar un estudio. «Por fin podo ver os meus cadros nun cuarto luminoso» pero o artista carecía de medios para amoblar a casa e tivo que gastar os cartos que lle enviara o seu irmán para saldar vellas débedas de alugueiro. Ao principio a moblaxe da casa reducíase a unha mesa, dúas cadeiras e algúns obxectos de uso cotián, polo que tivo que seguir aloxándose en hoteis. Van Gogh decidiu postergar a compra dunha cama ata o inverno, pero tras a morte do seu tío Cent, o rico marchante, puido arranxar a casa coa súa parte da herdanza e mudarse a ela a mediados de setembro.

A casa, os cuartos e algúns dos seus mobles non tardaron en converterse en motivos da súa pintura que así puideron pasar á posteridade, xa que a casa

Comprensión lectora

1. Despois de teres lido o texto, responde estas cuestións:

- a) Por que nun comezo Van Gogh non pode amoblar a súa casa? Como consegue os cartos para amoblala completamente?
- b) De quen son os cadros que adornan as paredes da casa?
- c) Con que se fixo rico o seu tío?
- d) A quen quere recibir o pintor no seu fogar?
- e) Esta casa foi derruída durante a Segunda Guerra Mundial, porén coñecemos con detalle como estaba amoblada e decorada, por que?



◀ Autoretrato de Vincent Van Gogh, 1889.

Respostas:

- a) _____

- b) _____

- c) _____

- d) _____

- e) _____

amarela sufriu as consecuencias dos bombardeos durante a Segunda Guerra Mundial. Van Gogh decorara a súa casa con cadros, estampas xaponesas e, sobre todo, retratos, algúns dos cales foron pintados a propósito para o seu dormitorio. Outros eran o froito de trocos con outros artistas. As distintas versións do seu cuarto diferencianse unhas doutras precisamente polos cadros reproducidos. A primeira idea do artista era arranxar a casa amarela da Place Lamartine para que os seus achegados puidesen gozar dela: «Cando alguén veña de visita aloxareino no cuarto máis fermoso de todos [...] como un toucador de muller realmente artístico», escribíalle entusiasmado ao seu irmán. Tiña a intención de preparar un cuarto pensando en Theo ou Paul Gauguin e «adornar as brancas paredes con xira-
soles grandes de cor amarela».

Describir persoas

Para describir persoas debemos seguir unha serie de pasos, para facer unha **descripción** de maneira **ordenada**. É fundamental salientar todas as características que a fan diferente ás demais persoas.

Á hora de describila debemos incluír o aspecto físico, da cabeza aos pés e irlle sumando o carácter da persoa ou a forma de ser. Podemos completar unha boa descripción con actividades, gustos ou afeccións que a persoa que describimos realice ou teña.

1. Le a descrición e arrodea o personaxe a que se refire.

Cachelo, o vampiro

Cachelo é un vampiro noviño, que aínda non ingresou no Instituto Superior de Cairos Afiados, porque non supera o metro e medio de alto. Ten o cabelo longo e escuro, coma un mantel de la que lle cobre medio lombo. A negrura da cabeleira fai resaltar aínda máis os ollos azuis brillantes, iso si, un chisco ocultos detrás dunhas lentes enormes. É simpático, divertido e sobre todo moi inquieto: pasa o día facendo bromas á familia. Gústalle moito ler libros da historia dos seus devanceiros, despois dunha boa merenda co seu refresco preferido: Sanguicola.



2. Subliña no texto anterior a información seguinte.

- De vermello ► Quen é?
- De verde ► Como é o seu carácter?
- De azul ► Como é fisicamente?
- De laranxa ► Que lle gusta?

3. Escolee un dos personaxes dos debuxos anteriores e escribe as palabras clave que o definen.

- xeral ► _____
- físico ► _____
- carácter ► _____
- gustos ► _____

4. Escribe a descrición do personaxe a partir da planificación que fixeches na actividade 3.



Os **adxectivos** son as palabras que expresan **calidades** ou **estados** dos substantivos. Os adxectivos van no **mesmo xénero e número** ca os substantivos a que se refiren.

- Un coche deportiva ► *Un coche deportivo*
- Unha roda picadas ► _____
- Uns deportistas famosas ► _____
- Unha vitoria amargo ► _____
- Unhas compras frenética ► _____

A black and white line drawing of a desk. On the desk, there is a stack of three books, a spiral-bound notebook with a pen resting on it, a small box containing two pens, and a cup with a pen inside. A chair is partially visible on the right side of the desk.

- *Un libro abierto*
- _____
- _____

OS GRAOS DO ADXECTIVO:

Lembra

- O **grao** dun adxectivo indica a intensidade con que o ser ou o obxecto a que se refire o adxectivo posúe unha calidade.
- Os graos do adxectivo son tres: **positivo**, **comparativo** e **superlativo**. O grao comparativo pode ser de **inferioridade**, de **igualdade** e de **superioridade**.

1. Di en que grao están os adxectivos das oracións seguintes.

- O golf é menos perigoso ca o alpinismo. ► _____
- O ceo é azul. ► _____
- Ese actor é famosísimo. ► _____

2. Completa as oracións cos adxectivos correspondentes.

tan fermosas coma

máis ruidosa ca

menos frío ca

- Unha grande cidade é _____ unha aldea.
- O vento do sur é _____ o vento nordés.
- As comarcas da costa son _____
as comarcas do interior.

3. Observa o debuxo e escribe tres oracións en que compares a Xoán co señor Sebastián. Usa formas do adxectivo en grao comparativo e grao superlativo.



Exemplo: Xoán é **altísimo**, pero o señor Sebastián é **máis gordo ca** Xoán.

- _____

- _____

- _____

A vestimenta

Non sempre vestimos igual. Cada actividade precisa dunha roupa máis ou menos adecuada ao momento: por exemplo, se imos facer deporte ou á praia non vestimos do mesmo xeito que se acudimos ao traballo ou un evento social. Porén, non todos temos os mesmos gustos, senón fíxate no que aconteceu na gala do Balón de Ouro 2012.

1. Busca no texto as palabras pertencentes ao campo semántico da vestimenta e anótalas.

Leo Messi converteuse este luns nun dos xogadores máis grandes da historia ao gañar o seu cuarto Balón de Ouro vestido cun nada discreto traxe negro con lunares brancos e con gravata de lazo a xogo. A orixinal vestimenta do astro arentino causou sorpresa entre moitos dos seus seguidores.

Cristiano Ronaldo luciu un refinado smóking a medida. Por parte do Barça, tamén estiveron na gala Andrés Iniesta así como Xavi Hernández e Gerard Piqué e



os tres de estrito e elegante negro, traxes que contrastaban coa atrevida indumentaria de Messi.

Os adobios das candidatas ao Premio de Mellor Xogadora do ano tamén contrastaban: do estrito traxe escuro con camisa branca da estadounidense Abby Wambach, elixida Mellor Xogadora do Ano, pasando polos máis femininos vestidos das dous finalistas, a súa compatriota Alex Morgan e da cinco veces campioa do galardón, a brasileira Marta.

<http://www.lavanguardia.com/deportes/futbol/20130108/54358886030/balon-de-oro-messi-gala-traje-lunares.html> (adaptación).

2. Escribe os nomes destas pezas de roupa e calzado e das partes que se indican.



suadoiro

- ☐ peto
- ☐ cobadeira
- ☐ carapucha



pantalón

- ☐ perneira
- ☐ fibela
- ☐ cinto
- ☐ petrina
- ☐ presilla



zapato

- ☐ sola
- ☐ taco
- ☐ amallós
- ☐ biqueira
- ☐ lingüeta



americana

- ☐ lapela
- ☐ pano
- ☐ ollal
- ☐ colo
- ☐ puño

3. Busca este **enlace** e pon en práctica o que sabes da **vestimenta**.

<https://portaldaspalabras.gal/xogo/a-roupa/>



COMPREENSIÓN LECTORA

AS FORMIGAS



As formigas son **insectos sociais**.

Ás formigas gústalles vivir en grupo.

Cando nacen son larvas e despois convértense en formigas adultas. Iso chámase **metamorfose**.

Outros insectos tamén sofren a metamorfose.



As formigas viven en niños chamados formigueiros.

Nun formigueiro poden vivir máis de medio millón de formigas!

-Escribe verdadeiro ou falso



Ás formigas gústalles vivir soas. _____

As formigas son insectos sociais. _____


As formigas sofren a metamorfose. _____

As formigas viven nos avespeiros. _____

Nun formigueiro viven moitísimas formigas. _____

Hai varias clases de formigas. _____

Unha formiga non pode comunicarse con outra formiga. _____



Une con frechas



formiga raíña

- defende o formigueiro

formiga soldado

- pon ovos

formiga macho

- busca comida

formiga obreira

- aparéanse coa raíña

-Que quere dicir "traballa coma unha formiguiña"?



a) Que traballa pouco

b) Que traballa facendo buracos no chan


c) Que traballa moito



AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA. REPASO

■ **Observa a etiqueta e responde.**

- Que mensaxe se transmite?
Como se transmite?
- En cantas linguas diferentes está
escrita a mensaxe? Cales coñeces?



Cando empregamos a linguaxe para comunicarnos, facémolo a través dunha lingua concreta. Cada **lingua** está formada por un conxunto de sons e de palabras, e dunhas regras que permiten a súa combinación.

No mundo fálanse moitas linguas diferentes: inglés, chinés, alemán, suahili...

Para que dúas persoas poidan comunicarse, teñen que coñecer a lingua que utilizan.

En España, ademais do castelán, que se fala en todos os territorios, hai comunidades autónomas en que se falan outras linguas, como por exemplo o catalán en Cataluña, nas Illas Baleares e na Comunidade Valenciana ou o éuscaro no País Vasco e nalgúns zonas da Comunidade Foral de Navarra.

En Galicia falamos en galego. O **galego**, igual ca o resto de linguas que se falan en España agás o éuscaro, provén do latín, pero ten uns sons, unhas letras e unhas palabras propias que o diferencian das demais linguas.

- 1 Con cales destas persoas poderías comunicarte a través da linguaxe e con cales non? Por que? Pensa e responde.



Escrebe a mesma mensaxe noutras linguas que coñezas e comparte a resposta coa clase. Cantas linguas coñeces entre todas e todos?

- 2 En cales das linguas que se falan en España está escrita cada mensaxe? Escrebe e explica.



O PORTUGUÉS

- ♣ Denomínase **lusofonía** o **espazo lingüístico integrado** polos **países** de fala portuguesa: Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mozambique, São Tomé e Príncipe e Timor Leste.



Escrebe o nome dos continentes en que se fala portugués.

☺ O que todo galego debe saber do portugués



<https://www.youtube.com/watch?v=N2ISF-hM9m4>

- ☺ **Mira** o **vídeo** varias veces.
- ☺ **Copia** no cadro as **palabras** rotuladas en **galego** e **portugués** que saen no **vídeo**.

GALEGO	PORTUGUÉS


☺ **Mira** o **vídeo** en **portugués**:



<https://www.youtube.com/watch?v=tYzckUUUKzY>

En que se **diferenza** a **ra** do **sapo**?

PUNTUACIÓN



O punto [.]

O punto indica unha pausa na lectura. Existen tres tipos de punto: o punto e seguido, punto e á parte e punto final. Despois de calquera clase de punto escríbese maiúscula.

Úsase o punto e seguido

- Para separar oracións dentro dun mesmo parágrafo.

Úsase o punto e á parte

- Para pechar un parágrafo, cando o texto continúa noutra liña.

Úsase o punto final

- Para concluír un texto.

O Arsenal de Londres acaba de fichar o dianteiro galego Xurxo Bouza. Este xogador foi, na última tempada, un dos máximos goleadores das ligas europeas.

Segundo o seu novo adestrador, todos confían en que o club londiniense acade grandes éxitos coa contribución da nova fichaxe.

punto e á parte punto e seguido punto final

A historia da bolboreta acabada de nacer



Unha vez unha bolboreta recién nacida saíu dun burato dun muro. Tiña unhas ás de cores maravillosas, pero non se botou a voar, quedou pousada no muro.

As demais bolboretas pasaron voando a carón dela. O vento levábaas e collían néctar das flores. Pero a bolboreta recién nacida tíñalle medo a voar.



As abellas zoaban preto dela, os mosquitos bailaban seu redor e o abellón pasaba zumbando sobre a súa cabeza. Pero a bolboreta recién nacida seguía tendo medo a voar.



As alas comenzáronlle a tremer, estirou as antenas e fincou as patas no muro. Entón o vento soprou e levou a fermosa bolboreta recién nacida polo aire. A bolboreta tivo que voar e só quixo voar.

☺ **Rodea** cun **círculo** os **signos** de **puntuación** que aparecen no **conto** da **bolboreta**.

☺ **Escribe** o **nome** de todos os **insectos** que aparecen na **historia** da bolboreta.

☺ Escribe na **táboa** todas as **palabras** da **historia** da **bolboreta** que leven **b** e **v**:

PALABRAS CON B	PALABRAS CON V

ORTOGRAFÍA DO



Lembra

Esríbese **b** nos casos seguintes:

- Diante de **l** e **r** (agás *acivro*). Exemplo: *amable, broma*.
- As terminacións **-bilidade** e **-bundo**. Exemplo: *amabilidade, vagabundo*.
- As palabras que comezan por **bu-**, **bur-** e **bus-** (agás *vurullo*). Exemplo: *bufanda, burbulla, buscar*.
- As formas do pretérito imperfecto de indicativo dos verbos en **-ar** (**-aba, abas...**).
- Os verbos acabados en **-bir** (agás *servir, vivir, e vir* e os seus derivados).
- Os verbos *beber, caber, deber, haber, saber* e *sorber*.
- Outras palabras como *abelá, baleiro, billa, bolboreta, marabilla, móbil, polbo...*

1.- Completa con **b** ou con **v** os verbos e as palabras da súa familia.



ser____ir

- ser____izo
- ser____ente
- ser____idor



sa____er

- sa____io
- sa____edor
- sa____edoría



lam____er

- lam____etada
- lam____etar
- lam____ón



fer____er

- fer____enza
- fer____or
- fer____ello



distri____uír

- distri____uidor
- distri____ución
- distri____utivo



prohi____ir

- prohi____itivo
- prohi____ición
- prohi____ido

2.- Completa con **b** ou **v** segundo corresponda.

- Ci____rán non sa____e se elixir unha ta____eta ou un mó____il polo seu ani____ersario.
- ____oulle en____iar un paquete a teu a____ó en bre____e.
- Miña nai é a____ogada e meu tío, ____arredor.
- A ____oda cele____rouse na oita____a semana do ano.
- Ti____en a posi____ibilidade de coñecer a persoa máis lonxe____a da ____ila e era moi agrada____le.



3.-Completa as oracións coa palabra que corresponda en cada caso.

baca vaca

■ Colocaron a maleta na _____ do coche mentres unha _____ rubia os observaba.


cabo cavo

■ Eu _____ as viñas e chego ata o _____ da leira.

balor valor

■ Hai que ter moito _____ para comer ese queixo con _____.

4.-Resolve o encrucillado.



ORTOGRAFÍA DO



Lembra

Escríbense con **v** os casos seguintes:

- Todas as formas dos verbos *vir*, *servir* e *vivir* e as palabras da súa familia.
- Os adxectivos rematados en **avo/a**, **ave**, **evo/a**, **eve**, **ivo/a**. Exemplo: *oitavo*, *suave*, *lonxevo*, *breve*, *nocivo*... agás (*ceibo*, *ceibe*, *árabe* e *roibo*).
- As formas verbais co son /B/ dos verbos *estar*, *ter* e *ir*. Exemplo: *estiven*, *tiven*, *vou*.
- A maioría dos verbos rematados en **-ver** (agás *beber*, *sorber*, *haber*, *caber* e *saber*).
- Outras palabras como *caravel*, *vasoira*, *voda gravata*, *gravar*, *avogado*, *voitre*, *avó*, *covarde*, *vermello* e os derivados delas.

1. Completa os ocos do texto con *b* ou *v*.

Un filme pouco coñecido

Onte meu curmán le_____oume ao cine a _____er unha película. Titulá_____ase
O oita_____o día e seica é dun director escandina_____o do que eu nunca oín falar.
O filme é un canto á ilusión de _____i_____ir, que relata a loita dun rapaz contra
a enfermidade que o o_____riga a estar encamado e contra a que se re_____ela
con _____alentía. Ha_____ía pouca xente no cine; segundo meu curmán porque
o filme non ti_____o moita pu_____licidade, pero os críticos falan moi _____en del
e din que desen_____ol_____e a historia de forma positi_____a.

2. Completa cada oración coa forma correcta.

- Mira no caixón da mesa _____ se gardei o reloxo alí. (*a ver / haber*)
- A sopa de allo que fai meu pai está moi _____. (*voa, boa*)
- A roupa xa _____ metín na lavadora. (*vola / bola*)

O verbo I

O **verbo** é unha palabra variable que expresa basicamente accións pero tamén procesos e estados:

Acción: O can **saltou** o valado.

Proceso: O xeo dos polos **derrétese** a causa do cambio climático.

Estado: Eses cadros **locen** moito na parede.

Como podes ver nestes exemplos, o verbo é a palabra fundamental da cal dependen os demais compoñentes das oracións.

Os verbos son as palabras con máis variacións nas súas formas. O conxunto de variacións chámase **conxugación**. Hai tres modelos de conxugación:

1ª conxugación: terminación -ar no infinitivo (*andar*).

2ª conxugación: -er (*varrer*).

3ª conxugación: -ir (*tusir*).

A conxugación é posible grazas a unha estrutura específica formada por **raíz** e **desinencias**. Por iso, para recoñecelos, podes intentar poñer a palabra en infinitivo ou variala cambiando as desinencias: se é posible, trátase dun verbo.

1. Arrodea os verbos que atopes no texto seguinte.

O descubrimento dos dinosauros

Din que o científico inglés Richard Owen propuxo, no ano 1842, usar a palabra *dinosauro* para definir unha antiga clase de réptiles de grandes proporcións, da que descubriron moitos restos fósiles durante o século XIX. A palabra *dinosauro* provén dos termos gregos *dainós*, que significa 'terrible', e *sauros*, que significa 'lagarto'.



VERBOS REGULARES

Non se producen cambios na raíz

Raíz	Desinencias
<i>and-</i>	-ar -ou -astes -aría
<i>conduc-</i>	-ir -iu -en

VERBOS IRREGULARES

A raíz muda segundo o tempo verbal ou a persoa

Raíz	Desinencias
<i>quer-</i>	-er -erás -ía
<i>quix-</i>	-en -ese -eran

Lembra

Os tempos verbais son conxuntos de formas que sitúan a acción no mesmo tempo e no mesmo modo.

Os tempos verbais pódense clasificar en varias categorías: **tempos pretéritos**, **tempos presentes** ou **tempos futuros**.

1. Subliña as formas verbais que atopes no texto, seguindo o código.

vermello ► presente

verde ► pasado

azul ► futuro

Anxo, o que todo o conta

O meu amigo Anxo ou non sabe gardar un segredo ou mete a zoca! Hai uns días, estabamos preparando a festa de aniversario para Marta e comenteille: «Non lle digas nada.» E el asegurou: «Tranquilo, serei unha tumba!» Pero aos dous días, Marta chamou por teléfono enfadada: «Contoume Anxo que estades preparando unha festa para Silvia. Por que non me dixestes nada?» Xa vedes a metedura de pata de Anxo. Non sei cando cambiará!

2. Completa as oracións cunha forma persoal do verbo entre parénteses.

- É unha mágoa que Xoán non _____ (COÑECER) esta vila.
- Cando _____ (PODER), _____ me (PASAR) o sal.
- _____ (PECHAR) a porta de todo, por favor.
- Xosé _____ (TER) sono porque non _____ (DURMIR) abondo.

3. Escribe os infinitivos das formas verbais seguintes e di a que conxugación pertencen.

- almorza ► *almorzar, primeira conxugación*
- souben ► _____
- iredes ► _____
- dei ► _____
- vexa ► _____
- tivo ► _____
- desfai ► _____
- dormen ► _____
- convén ► _____
- pertence ► _____

Lembra

As formas verbais teñen **número** e **persoa**. Pero o infinitivo, o xerundio e o participio son **formas non persoais**.

Os verbos sitúan a acción nun tempo concreto: no **pasado**, no **presente** ou no **futuro**.

Os **modos verbais** reflicten a actitude do falante diante do que di.

Os modos verbais son tres: **indicativo**, **subxuntivo** e **imperativo**.

1. Le o texto e ordena as viñetas.

Un accidente desafortunado

Xoán comprou unha bicicleta a semana pasada e atreveuse a saír pola beiravía. Un coche saltou un stop, tocoulle de costado e fixo que caese ao chan. Agora está en repouso, porque rompeu un brazo. De aquí a cinco semanas, quitaranlle a escaiola e poderá comezar os exercicios de rehabilitación. Por sorte, levaba o casco e non lle pasou nada grave.



USO DAS MAIÚSCULAS



Lembra

Escríbese en **maiúscula** a letra inicial dunha palabra cando vai ao **principio dun texto**, **despois dos signos** que pechan oracións, nos **nomes propios** de persoas, animais, lugares, etc. e nos **títulos** de libros, películas, obras teatrais, etc.

1. Copia o texto seguinte e escribe en maiúsculas as palabras que cumpra.

xosé brañas é biólogo. aínda que traballa na universidade de santiago, sempre que pode colabora cunha agrupación ambiental de ponteceso, a súa vila. el dedícase a observar a variada fauna que habita as dunas do esteiro que forma o río anllóns na súa desembocadura.



2. Tes que renovar o documento de identidade. Cubre os datos persoais da ficha con moita atención ás maiúsculas.

Nome _____

Apelidos _____

Naceu en _____

País _____

Fillo de _____ e de _____

Enderezo _____

3. Escribe unha oración con cada unha das palabras seguintes.

- Barcelona ► _____
- Ribadavia ► _____
- Hércules ► _____
- Pico Sacro ► _____
- Miño ► _____

SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS



Segundo o significado das palabras, podemos distinguir entre **sinónimos** e **antónimos**.

As **palabras sinónimas** son aquelas que teñen o mesmo significado ou moi parecido: **agardar-esperar**.



As palabras **antónimas** son aquelas que teñen **significados opostos** ou **contrarios**. Os antónimos serven para expresar ideas contrapostas: **frío-quente**.

☺ EXERCICIOS DE SINONIMIA

1. Relaciona as palabras que sexan sinónimas.

- | | |
|----------------|-------------|
| caro • | • aromático |
| canso • | • saudable |
| oloroso • | • custoso |
| espectacular • | • fatigado |
| san • | • admirable |

2. Emparella as palabras seguintes por sinónimos e escríbeas debaixo da imaxe que corresponda.

coche	carauta	casa	máscara	vivenda	automóbil
-------	---------	------	---------	---------	-----------



3. Volve escribir as oracións substituíndo as palabras destacadas polo sinónimo do recadro que corresponda. Pon atención ás concordancias.

- A decoración daquel **palacio** era **rica**.

- Gústame **falar** con Xoana. É **simpática**.

- Non **entendín** nada do que me **dixo** teu pai.

- Neste **establecemento** venden unhas teas moi **finas**.

tenda
agradable
exuberante
mansión
explicar
conversar
comprender
delicado

☺ EXERCICIOS DE ANTONIMIA

1. Pinta os cadros que conteñan parellas de palabras antónimas.

mollar
limpar

preto
lonxe

hoxe
despois

encher
baleirar

bo
difícil

reparar
estragar


suave
bruto

tarde
cedo

empuxar
correr


atrevido
prudente

2. Relaciona cada palabra co antónimo correspondente.



san •
escuro •
vestido •
delgado •
xeneroso •

• gordo
• egoísta
• claro
• doente
• espido



3. Escribe o antónimo que corresponde a cada palabra.

• gañar ► _____
• comezar ► _____
• reducir ► _____
• dar ► _____

• alegre ► _____
• forte ► _____
• rico ► _____
• bo ► _____

4. Copia o texto seguinte substituíndo por un antónimo as palabras destacadas.

Quería **vender** aquel piso. Era moi **escuro** e estaba nunha rúa **ruidosa**. Os cuartos eran **pequenos** e a cociña, **antiga**. Ademais, tiña unha praza de garaxe **estreita**. En resumo, un piso ben **feo**.

A ENTREVISTA



Javier Gómez Noya, nacido en Basilea (Suíza) en 1983, é un dos deportistas galegos con máis éxito internacional na súa especialidade, o triatlón. No seu brillante palmarés destacan tres campionatos do mundo (en 2008, 2010 e 2013) e dous subcampionatos (en 2007 e 2009) así como tres campionatos de Europa (2007, 2009 e 2012) e un subcampionato (en 2010). Difícil de igualar, non cres? Comprobarás nesta lectura que o éxito non se consegue sen esforzo e que ten moito máis mérito acadalo nun deporte minoritario como é o triatlón.

Entrevista con Javier Gómez Noya

Mentres gravaba o novo anuncio de Powerade en Londres, puidemos falar co triatleta Javier Gómez Noya.

FERNANDO SEBASTIÁN, 20 / 12 / 2012

De volta con dúas pratas, unha dos Xogos de Londres e outra do Campionato Mundial de Triatlón, o galego Javier Gómez Noya concédenos uns minutos para falar da súa carreira deportiva.

–Que lonxe queda o teu primeiro triatlón en Castropol (Asturias) aló por 1998...

–Si, claro! Se me chama Calleja voume ao Aconcagua ou a onde sexa. Gustaríame escalar unha montaña ou probar co Maratón de Sables. Lin moito sobre ela e si me chama iso de andar varios días en

autosuficiencia polo deserto... ou a Cape Epic en Suráfrica, con varios días de etapas coa mountain, ou o Estreito de Xibraltar nadando, ou de Ferrol á Coruña, que son pouco máis de 10 quilómetros e por estrada, sesenta. Seguro que cando me retire vou dar guerra nalgũa destas...

–Pasas a vida flotando polos lagos e mares do mundo, nadando a toda velocidade e sen case mirar o que hai debaixo... Dá medo só de pensalo.

–Non che é para tanto! Ás veces si o pensas ou se a auga non está excesivamente limpa. Recordo que unha vez en Washington baixaba a auga dunhas ríadas e iso era horrible, había de todo... e alí nos meteron. Tampouco foi moito mellor mergullarse na vida e o máximo que probei foi *snorkel* cando estiven de vacacións polas Illas Maldivas.

–Sentado no sofá da casa e co mando a distancia na man, que programa non perdes?

–Se hai triatlón non o perdo! En canto ao resto de deportes gústanme case todos, pero encántame ver ciclismo do bo, unha etapa disputada das grandes voltas ou unha das clásicas. Ademais encántame oír música e tocar un pouco a guitarra. Oxalá tivese máis tempo de lecer para estar tranquilo... pero agora o que toca é adestrar moi forte e estar nas competicións ao 100%.

–Falemos de mulleres. Aturárate algunha non deportista?

–Non creo, seguro! A miña moza é tamén triatleta, pero prométovos que non o fixen adrede. Sempre axuda que os dous sexamos deportistas, porque é moi importante que os dous poidamos levar un ritmo de vida similar, que entenda que estás cansado de mallarte, que non sempre podes saír ao cine ou tomar algo cos demais amigos. É que se non fose así non che entendería o teu tipo de vida.

–Dinos tres deportistas que admiras.

–Do meu mundo do triatlón hai moitos, especialmente Iván Raña, porque tiveron a oportunidade de coñecelo hai moitos anos, porque eu empezaba nisto e puiden compartir moitas cousas con el, e fixo e segue a facer moito polo noso deporte. Fóra del, quedo coa capacidade de loita de Lance Armstrong e Haile Gebrselassie, sen dúbida. Creo que se apaixonan co que fan e niso son coma min.

a) _____

b) _____

c) _____

d) _____

e) _____

–Despois de doce anos no triatlón, onde está o nivel de mellora?

–Sempre se intenta mellorar nas tres disciplinas, intentando que ningunha delas quede atrás por mellorar outra. Está claro que sempre se busca a excelencia na carreira a pé porque é onde se decide todo e máis na distancia olímpica cando na bici se forman pelotóns. Ao vir da natación tiveron a sorte de non «botar» corpo de nadador, porque me axudou a ser un bo triatleta. Ademais sempre tiveron facilidade coa carreira, mesmo non sendo a miña especialidade, porque xa lles gañaba a atletas de fondo cando era máis novo.

–Saber que es recoñecido, campión do mundo, verte nos medios de comunicación, como se leva este tipo de fama?

–Case non me dou de conta, de verdade. Se miro cara atrás recordo que ao empezar tiña ao meu lado a Iván Raña, a Merchán, aos irmáns Llanos, e eran os referentes para todos. Pensar que agora podo ser eu non me cambiou a vida. Encántame que se me acheguen rapaces a por un autógrafo ou para pedirme un consello, e despois pénsoo e veste como responsable de levar o teu deporte a todo o mundo, achegárllelo aos máis novos, etc... é moi bonito. En canto aos medios, de verdade que pensei que podía cambiar e ter máis repercusión, pero ao final o fútbol come todo. En España nunca estiveron entre os deportistas máis recoñecidos, mais si en Australia, onde aparecía nunha enquisa a nivel mundial... non me queixo, fago o que me gusta, a xente apóiame e, por exemplo, puiden estar convosco en Londres grazas ao apoio de Powerrade, que confiou en min como patrocinador.

<http://www.sportlife.es/deportes/articulo/>
Entrevista-Javier-Gomez-Noya

Comprensión escrita

1. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións. De non seren certas, corrixas.

- a) Iván Raña foi un gran triatleta mais non coincidiu competindo con Gómez Noya.
- b) Nas probas de natación as augas sempre están limpas.
- c) Gómez Noya está orgulloso de poder achegarlles o triatlón ás novas xeracións.
- d) Para ser triatleta é imprescindible adestrar nas tres disciplinas ao mesmo nivel.
- e) Entre os deportes que lle gusta ver na televisión destaca o fútbol.